

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA PARA O ESTABLECEMENTO DUN MARCO DE ACTUACIÓN CONXUNTA EN FAVOR DO DESENVOLVEMENTO DO ESPÍRITO EMPREENDEDOR NO MARCO DE EDUEMPRENDE

REUNIDOS

Dunha parte, Don _____, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta e de conformidade coas atribucións conferidas no Decreto 112/2020, de 6 de setembro, do seu nomeamento, no Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e no artigo 34.1 de la Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Don _____, presidente da Asociación de Empresarios de Riveira, en nome e representación da devandita organización, elixido como tal na Asemblea Xeral celebrada o 29 de maio de 2021 e que continúa a ocupar este cargo, segundo marcan os estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de

- planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.
2. Que a Asociación de Empresarios de Riveira creada pola acta fundacional de data 14 de novembro de 1979 ten entre os seus fins programar, desenvolver e executar accións formativas.
 3. Ante o déficit emprendedor en Galicia é necesario crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras. Neste senso o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende aprobado no 2010 ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa desta cultura emprendedora necesaria para mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade do alumnado galego.
 4. Que no Consello Europeo de Lisboa de marzo de 2000, que deu lugar ao programa “Educación e Formación 2010”, se recoñeceu a necesidade do fomento das iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo, así como a necesidade de crear políticas de educación e de formación que fomenten a cultura emprendedora e innovadora como motor da innovación, da competitividade, da creación de emprego e do crecemento económico, no que o fomento do espírito emprendedor se recoñece como unha competencia clave para enfrontar os cambios sociais e económicos que se derivan da sociedade do coñecemento.

En virtude do exposto e no exercicio das competencias que teñen atribuídas, as partes intervenientes formalizan o presente convenio con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio de colaboración é a colaboración das entidades

asinantes para promover e fomentar actividades e iniciativas emprendedoras dentro do marco de Eduemprende, Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia.

Segunda. Programa.

O programa está composto por:

- Xornadas de fomento do emprendemento

Está dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria. Consisten na realización de visitas á Asociación de Empresarios de Riveira, reunión cun emprendedor ou unha emprendedora, visita a empresas da zona industrial e/ou encontros nos colexios con emprendedores, empresarios e persoal da asociación.

- Concurso “Atrévete a ter unha idea”

Dirixido ao alumnado participante nas xornadas. Consiste en presentar unha boa idea de negocio, a cal deberá axustarse ás bases establecidas na convocatoria anual. Os traballos serán individuais e premiaranse as mellores ideas de Educación Primaria e de Educación Secundaria, segundo o establecido na convocatoria.

Ao remate do programa celebrarase un acto de clausura ao que estarán invitados representantes do mundo da empresa e da Administración educativa.

Terceira. Actuacións

As actuacións a desenvolver xirarán en torno a:

- A) Os eixos do Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende.

Estes eixos son:

- E1. Sensibilización e motivación. Medidas que cómpre desenvolver para que a comunidade educativa perciba a importancia de construír e fomentar a cultura emprendedora, para recoñecer na súa contorna

actitudes e valores emprendedores, favorecendo a súa integración nos centros educativos e creando unha conciencia emprendedora.

- E2. Capacitación emprendedora. Iniciativas que se destinen a mellorar as capacidades en competencias emprendedoras do alumnado e a súa autonomía, a través da información, a orientación e unha formación axeitada para cada nivel educativo. Incídese, así mesmo, na dotación de recursos ao profesorado e na súa capacitación, na procura dunha repercusión final no alumnado.
 - E3. Fomento e apoio da empresariedade. Actuacións que se refiren ao apoio ao alumnado con habilidades emprendedoras, para a posta en marcha de proxectos empresariais viables e para a posta en práctica de ideas innovadoras de negocio.
 - E4. Coordinación e aproveitamento de iniciativas. Comunicación, investigación, coordinación e posta en valor das actividades que en materia de emprendemento sexan de utilidade para o sistema educativo de Galicia e que teñan un efecto de transversalidade sobre o conxunto de medidas do programa Eduemprende .
- B) Calquera outra colaboración que incida favorablemente na empregabilidade do alumnado do sistema educativo de Galicia.

Cuarta. Medidas.

Para tal efecto a Consellería Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e a Asociación de Empresarios de Riveira articularán as medidas que sexan precisas, co fin de favorecer a participación dos centros educativos nas actividades a desenvolver e na utilización de materiais e ferramentas que se elaboren, para conseguir a implantación da cultura emprendedora entre o alumnado e a mellora da empregabilidade.

Quinta. Compromisos das partes.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a seleccionar os centros educativos participantes no programa, a coordinar as actuacións entre a Asociación de Empresarios de Riveira e os centros educativos, a difundir o programa Eduemprende- Atrévete Ribeira entre o profesorado e o alumnado dos centros así como a realizar o seguimento do mesmo.

A Asociación de Empresarios de Riveira comprométese a:

- Poñer as súas instalacións, o persoal técnico e responsables das empresas que se atopan no mesmo á disposición do desenvolvemento do programa.
- Acompañar ao profesorado e o alumnado durante estas xornadas. Nas xornadas de fomento do emprendemento participará o persoal técnico e os empresarios que desenvolvan as súas actividades na asociación de Empresarios de Riveira.
- Colaborar coa Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional na recollida dos datos das actividades desenvolvidas para a súa difusión.

Sexta. Gasto.

O presente convenio non supón compromiso de gasto para as partes.

Sétima. Comisión de seguimento e control.

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión que terá como funcións a programación, o seguimento e a avaliación das actuacións derivadas do presente convenio, así como a súa interpretación; en concreto, prestará unha especial atención ao adecuado desenvolvemento das accións que se poñan en marcha como resultado dos acordos alcanzados no seu seo.

Esta comisión estará constituída por:

- Dous/dúas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Dous/dúas representantes da Asociación de Empresarios de Riveira.

- Un/unha funcionario/a da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que actuará como secretario/a.

Esta comisión celebrará as reunións que considere oportunas para promover a realización das actuacións que poidan derivarse do presente convenio e resolver as cuestións que xurdan da súa aplicación.

Oitava. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena. Recollida de datos.

Sempre dentro do marco establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Asociación de Empresarios de Riveira poderá recoller datos dos asistentes ás actividades incluídas neste convenio, coa finalidade de xestionar eficazmente o seu

desenvolvemento, reportar axeitadamente aos organismos que aportan os fondos do seu financiamento, e informar aos asistentes de novas actuacións do seu interese no futuro. Estes datos tamén poderán ser cedidos á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o axeitado seguimento, control e supervisión das accións incluídas neste convenio.

Décima. Protección de datos.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o alumnado, o profesorado e afundación que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Undécima. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno.

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Duodécima. Vixencia do convenio.

O convenio, tendo en conta o artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de

Réxime Xurídico do sector público, entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá una vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixenciado convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á a relación entre as partes.

Décimo terceira. Carácter administrativo do convenio.

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeirodo disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que asúa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano na data da súa sinatura dixital (9/11/2021).

Conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

O presidente da Asociación de
Empresarios de Riveira